



PRÉSTAMO DE ORDENADORES PORTÁTILES

Dentro da evolución da biblioteca universitaria cara aos CRAI (Centros de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación) a Biblioteca da Facultade de CC. Económicas e Empresariais pon a disposición dos seus usuarios o préstamo de ordenadores portátiles, coa finalidade de facilitar o acceso á información e á documentación electrónica e potenciar o uso das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) entre a comunidade universitaria.

Normas xerais:

- Poderán ser usuarios do servizo todos os membros da comunidade universitaria que así o acrediten. Para acceder ao préstamo deberán presentar o carné da universidade. Os ordenadores solicitaranse e devolveranse no mostrador de préstamo da BEC.
- A primeira vez que se usa o servizo deberase asinar un formulario de alta aceptando as condicións do préstamo e as sancións en caso de incumprimento das mesmas.
- A duración do período de préstamo será dun máximo de 3 horas. Poderase renovar por outras 3 h. se non hai usuarios en lista de espera.
- O usuario será responsable do portátil e terá que o devolver nas mesmas condicións en que o recibiu.
- Non se poderá saír do recinto da biblioteca co ordenador portátil.
- O uso dos ordenadores portátiles terá unha finalidade exclusivamente académica.